Federación Galega de Atletismo
Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500
DEPORTE GALEGO

CIRCUÍTO GALEGO DE MARCHA ATLÉTICA 2026
II Trofeo de Marcha en Ruta Concello de Ames

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 27 de decembro en Ames, unha xornada do Circuíto Galego de Marcha Atlética 2026.

Art.2).- Poderán intervir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina https://atletismorfea.es/user/login-registro ata as 23:45 horas do luns 21 de decembro.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 23 de decembro e serán remitidas a eventos@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e os dorsais postos.

Art.7).- Distancias e horario (poderá ser modificado en función das inscricións).

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	*PECHE* CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
9:40	9:50	9:55	**10:00**	1000	Sub 10	H-M
9:50	10:00	10:05	**10:10**	2000	Sub 12	M
10:15	10:25	10:30	**10:35**	2000	Sub 12-14	H
10:35	10:45	10:50	**10:55**	2000	Sub 14	M
10:55	11:05	11:10	**11:15**	3000	Sub 16	H-M
11:20	11:30	11:35	**11:40**	5000	Absoluta	H
12:05	12:15	12:20	**12:25**	5000	Absoluta	M

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a eventos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.

- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.